



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: OEP Extraordinaria estabilización: Conserxe. Finalización do proceso selectivo e nomeamento como persoal laboral fixo. Xornada parcial.

Expediente: 2023/G003/000728- 2022/E001/000044

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame e órgano competente para a adopción do presente acordo, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente no ámbito local, emite a presente resolución baseada nos antecedentes e fundamentos que a continuación se indican.

Praza obxecto de estabilización:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/Provisión
Conserxe	Laboral	1	V: AP	Parcial*	3209	Libre/ Concurso (DA 6ª Lei 20/2021)

Antecedentes Administrativos:

1. Mediante Resolución da Alcaldía 267/2022 do 23/05/2022 aprobouse a Oferta de Emprego Pública Extraordinaria para a redución da temporalidade do emprego público. Foi publicada no Boletín Oficial da Provincia 99 do 26/05/2022.
2. Tras a oportuna negociación na Mesa Xeral de Negociación que tivo lugar o día 02/12/2022, mediante Resolución da Alcaldía 701/2022 do 05/12/2022 aprobouse a convocatoria daquelas prazas incluídas na Oferta de Emprego Pública Extraordinaria na aplicación da DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021. Do mesmo xeito aprobáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e os procesos selectivos correspondentes.
3. O anuncio da convocatoria e as bases xerais e específicas para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) foi publicada:
 - a. Na sede electrónica municipal o día 07/12/2022
 - b. No Boletín Oficial da Provincia 234 do día 13/12/2022
4. O anuncio da convocatoria para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) foi publicada:
 - a. No Diario Oficial de Galicia 239 do 19/12/2022
 - b. No Boletín Oficial do Estado 307 do 23/12/2022
5. Mediante Resolución da Alcaldía 477/2023 do 23/08/2023, aprobouse a listaxe provisional e definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e o nomeamento do Tribunal cualificador. Esta Resolución foi publicada na sede electrónica o día 23/08/2023. A listaxe de aspirantes admitidos e excluídos foi a seguinte:

Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	Celga	Titulación	Méritos	Taxa	Admisión Definitiva
Creo Cernadas, Miriam	Si	***3609**	Si	Si	Si	Si	Si

6. O día 15/09/2023 tivo lugar a primeira reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo a baremación dos méritos achegados polos aspirantes, segundo o regulado nas Bases Xerais número 9 (Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos), número 10 (Acreditación do coñecemento da lingua galega), número 11 (Relación de persoas propostas para a obtención dunha praza) e número 12 (Criterios de desempate).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O resultado foi o seguinte:

Orde	Aspirante	Experiencia Profesional	Formación	Total Concurso
1	Creo Cernadas, Miriam	0	40	40

7. Rematada a valoración dos méritos foi publicada na sede electrónica a puntuación provisional que acadou cada aspirante na fase de concurso. Os aspirantes dispoñían dun prazo de 10 días hábiles para formular alegacións. Dito anuncio foi publicado na sede electrónica do Concello de Lousame o 18/09/2023.
8. Consta incorporada ao expediente Dilixencia acreditativa (do 10/10/2023) da non existencia de alegacións durante o período de información pública (do 19/09/2023 ao 03/10/2023).
9. O día 10/10/2023 tivo lugar a segunda reunión do Tribunal Cualificador, na que se acordou:
 - Propoñer á Alcaldía, de xeito definitivo, ao seguinte aspirante, para obter a praza obxecto de estabilización neste proceso selectivo:

Orde	Aspirante	Experiencia Profesional	Formación	Total Concurso
1	Miriam Creo Cernadas	0	40	40

10. A Acta Segunda do Tribunal Cualificador, coa proposta de nomeamento e a relación complementaria de persoas aspirantes, foi publicada na sede electrónica, o día 10/10/2023.
11. A aspirante proposta de xeito definitivo polo Tribunal para obter a praza obxecto de estabilización, presentou a documentación indicada na Base Xeral núm. 13 o día 20/10/2023, con rexistro de entrada núm. 20230000001914
12. En data 31/10/2023 o Técnico de Administración Xeral emite informe sobre a documentación presentada, concluíndo que a mesma é correcta.

Fundamentos Xurídicos:

1. Segundo a Base Xeral número 3:

Os anuncios sucesivos durante o desenvolvemento do proceso selectivo (listaxe de admitidos/as, nomeamento e convocatoria do tribunal, etcétera) serán obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

2. Segundo a Base Xeral número 5:

As solicitudes, requirindo tomar parte nos correspondentes procesos selectivos, (...) presentaranse (...) no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

3. Segundo a Base Xeral número 7:

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución (...), declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. No caso de non existir aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo. (...) Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e, o lugar, data e hora de constitución deste para o desenvolvemento do proceso selectivo.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4. Segundo a Base Xeral número 11:

1. *Rematada a valoración dos méritos, o Tribunal publicará, na sede electrónica do Concello de Lousame, a puntuación provisional que acadou cada aspirante na fase de concurso.*

De ser necesario, aplicará os criterios de desempate regulados na Base núm. 12.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación das valoracións, para formular alegacións.

2. *Finalizado o trámite anterior, e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal efectuará a proposta das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización.*

O Tribunal non poderá aprobar a ningunha persoa aspirante que non acade unha puntuación mínima de 30 puntos no concurso de méritos.

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta do Tribunal que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. *Se algunha persoa proposta non acreditou o coñecemento da lingua galega, terá lugar a proba de coñecemento da lingua galega, tal e como se regula na Base núm. 10.*
4. *Finalizada a fase de concurso, aplicados (de ser necesarios) os criterios de desempate e realizada (no seu caso) a proba do coñecemento da lingua galega o Tribunal efectuará á Alcaldía a proposta definitiva das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.*

5. Segundo a Base Xeral núm. 13:

Finalizada a fase de concurso, o Tribunal efectuará á Alcaldía, a proposta definitiva das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.

A proposta do Tribunal ten carácter vinculante para a Alcaldía.

As persoas propostas para a obtención das prazas deben achegar, no prazo de 20 días naturais, dende a publicación na sede electrónica do Concello de Lousame a seguinte documentación:

- *DNI ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance establecido no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- *Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.*
- *Declaración xurada de non ter sito separado do servizo das Administracións Públicas nos termos sinalados na Base Xeral 4; e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*
- *Orixinal ou copia cotexada da titulación esixida nas Bases Específicas da convocatoria.*
- *Orixinal ou copia cotexada do documento acreditativo do coñecemento da lingua galega, que o eximiu de realizar as probas de coñecemento da mesma.*
- *Orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados.*
- *Orixinal ou copia cotexada dos restantes requisitos esixidos nas Bases Específicas de cada convocatoria.*

Concluído o proceso selectivo, e achegada a documentación necesaria, os aspirantes seleccionados, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao dos postos convocados, serán nomeados pola Alcaldía como persoal funcionario ou contratados como persoal laboral fixo. Ordenarase a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia.

6. Segundo o artigo 63 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo..

Á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, na aplicación do disposto nas Bases Xerais que rexen o proceso selectivo **RESOLVO:**

Primeiro: Realizar a contratación de:

Identidade do Aspirante	DNI
Miriam Creo Cernadas	***3609**

dende o día **07/11/2023**, como **persoal laboral fixo, xornada parcial** (2 horas), na praza de CONSERXE (**Código RPT 3209**) obxecto de estabilización no proceso selectivo con núm. de expediente 2022/E001/000044

Segundo: Citar a Miriam Creo Cernadas para a sinatura do contrato o día **07/11/2023**, na Casa do Concello de Lousame, procedéndose á alta na Seguridade Social con efectos do 07/11/2023.

Terceiro: Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Do mesmo xeito, publicar esta resolución na sede electrónica para xeral coñecemento e notificar á aspirante seleccionada.

Cuarto: Proporcionar a información estatística correspondente ao resultado do proceso de estabilización de emprego temporal a través do Sistema de Información Salarial do Persoal da Administración.

Quinto: Informar á representación legal dos empregados do nomeamento como persoal laboral fixo aos efectos que procedan.

Sexto: Dar conta ao Pleno Corporativo, na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

